



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Abril 2020

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Abril 2020


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de abril en Galicia unha caída do 43,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 26,7 puntos inferior á do mes de marzo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 41,4%, taxa 22,7 puntos menor que a do mes anterior.
- No Comercio diminúe a facturación o 45,8% e nos Outros servizos o 36,5%.
- En todas as comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios no mes de abril.
- O persoal ocupado no sector servizos rexistra un descenso do 5,2% en Galicia e do 5,5% en España respecto do mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas diminúe o persoal ocupado no mes de abril.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de abril en Galicia un descenso do 43,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en 26,7 puntos á do mes de marzo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 41,4%, rexistro 22,7 puntos inferior ao do mes anterior.



A declaración do estado de alarma e a entrada e vigor do permiso retribuído recuperable para os traballadores por conta allea que non prestaban servizos esenciais provocou a paralización case total do sector servizos na primeira metade do mes de abril. Na segunda quincena recuperouse a actividade nalgunhas actividades, pero outras como a hostalería e o comercio permaneceron pechadas, restrinxida a súa actividade a servizos a domicilio ou online.

O *Comercio*, cun descenso do 45,8%, resta 17,8 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* reducen a súa facturación o 36,5% e restan 6,8 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* diminúe o 40,4% e nos *Outros servizos* o 43,1%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* diminúe o 49,9%, co que resta 27,8 puntos; o *Comercio ao retallo* cae un 25,4% e resta 4,3 puntos. O maior descenso rexístrase na *Venta e reparación de vehículos de motor*, -76,7%.

A nivel nacional, o *Comercio por xunto* diminúe o 36,2%, o *Comercio ao retallo* o 33,2% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 83,0%.

Os *Outros servizos* reducen a cifra de negocios en Galicia o 36,5%. A *Hostalería* é o sector máis afectado polo cese de actividade, o que se manifesta nunha caída do 97,2%, co que resta 3,8 puntos a taxa de variación do índice xeral, seguido das *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-51,8%). *Información e comunicación* rexistra a menor caída, -5,5%.

En España, os *Outros servizos* diminúen o 43,1%. O maior descenso rexístrase na *Hostalería* (-94,4%), seguido de *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-47,2%).

No que vai de ano, o índice xeral diminúe un 15,3% en Galicia e un 14,4% no conxunto do Estado. O *Comercio* diminúe un 17,8% en Galicia e un 13,7% en España. Nos *Outros servizos* redúcese a facturación en Galicia un 6,8% e en España un 15,6%.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice diminúe o 47,2% no mes de abril.


Os sectores que máis contribúen a este descenso son a *Hostalería* que, cunha taxa do -97,3%, resta 19,6 puntos e o *Comercio*, que resta 18,6 puntos cunha taxa do -45,0%.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios diminúe o 43,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 47,5%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de abril en todas as comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores descenso danse en Illes Balears (-61,0%) e Canarias (-57,9%).

No que vai de ano, as maiores caídas prodúcense en Illes Balears (-25,4%) e Canarias (-21,8%). Os menores descenso rexístranse en Murcia (-3,8%) e Extremadura (-6,8%).

Índices de cifra de negocios. Abril 2020

Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade


O persoal ocupado¹ diminúe en Galicia un 5,2% respecto ao mes de abril de 2019, tres décimas máis que en España (-5,5%).

O persoal ocupado diminúe un 1,2% no *Comercio* e un 8,3% nos *Outros servizos*. En España a ocupación diminúe no *Comercio* un 2,0% e nos *Outros servizos* un 7,6%.

A maior caída rexístrase na *Hostalería*, cunha taxa de -15,8% en Galicia e do 14,9% en España. En Galicia a menor caídas rexístrase no *Comercio por xunto*, -0,5%.

No que vai de ano, o persoal ocupado redúcese un 1,6% en Galicia e un 1,3% no conxunto do Estado.

¹ Hai que ter en conta que as persoas acollidas a un Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) seguen formando parte do persoal da empresa.




2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

En todas as comunidades autónomas diminúe o emprego no sector servizos no mes de abril con respecto ao mesmo mes do ano 2019. O maior descenso dáse en Illes Balears (-16,1%).

No que vai de ano, o persoal ocupado soamente aumenta en Murcia (0,1%). Os maiores descensos danse en Illes Balears (-5,1%), Canarias (-2,6%) e Cantabria (-2,2%).

Índices de personal ocupado. Abril 2020

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Abril 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	71,9	-43,6	-15,3
Comercio	70,6	-45,8	-17,8
Venta e reparación de vehículos de motor	23,9	-76,7	-31,2
Comercio por xunto	72,4	-49,9	-20,1
Comercio ao retalho	76,7	-25,4	-7,5
Outros servizos	75,5	-36,5	-6,8
Transporte	91,7	-22,3	6,5
Hostalería	3,0	-97,2	-40,7
Información e comunicacións	100,6	-5,5	3,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	99,0	-20,9	-6,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	69,4	-51,8	-17,9
España			
Xeral	70,7	-41,4	-14,4
Comercio	71,8	-40,4	-13,7
Venta e reparación de vehículos de motor	22,3	-83,0	-33,8
Comercio por xunto	80,7	-36,2	-11,6
Comercio ao retalho	70,4	-33,2	-10,6
Outros servizos	68,8	-43,1	-15,6
Transporte	71,2	-41,1	-13,3
Hostalería	6,3	-94,4	-39,5
Información e comunicacións	93,5	-16,6	-6,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	96,3	-30,0	-10,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	63,4	-47,2	-16,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Abril 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	64,1	-47,2	7,4
Comercio	67,2	-45,0	-17,2
Transporte	98,7	-26,8	3,0
Hostalería	3,1	-97,3	-40,7
Información e comunicacións	103,4	-3,5	4,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	105,8	-17,7	-5,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	89,4	-34,0	-8,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Abril 2020**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	70,7	-41,4	-14,4
Andalucía	75,9	-36,9	-12,1
Aragón	68,6	-40,2	-14,5
Asturias	68,4	-39,8	-13,8
Balears, Illes	45,8	-61,0	-25,4
Canarias	48,6	-57,9	-21,8
Cantabria	72,7	-41,5	-15,1
Castilla y León	65,2	-40,6	-12,5
Castilla-La Mancha	69,9	-40,6	-14,8
Cataluña	68,8	-41,1	-14,7
Comunitat Valenciana	75,3	-37,1	-11,4
Extremadura	80,4	-28,8	-6,8
GALICIA	71,9	-43,6	-15,3
Madrid	71,1	-44,2	-15,6
Murcia	98,0	-17,2	-3,8
Navarra	83,5	-31,6	-11,8
País Vasco	72,3	-38,5	-13,6
Rioja, La	81,9	-34,0	-12,4

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Abril 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	101,9	-5,2	-1,6
Comercio	106,5	-1,2	0,2
Venta e reparación de vehículos de motor	96,3	-5,2	-2,0
Comercio por xunto	118,2	-0,5	0,7
Comercio ao retalho	101,8	-0,9	0,3
Outros servizos	98,5	-8,3	-3,0
Transporte	99,3	-5,9	-2,6
Hostalería	88,5	-15,8	-7,5
Información e comunicacións	106,3	-2,0	1,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	105,3	-2,7	0,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	102,3	-7,4	-1,9
España			
Xeral	102,4	-5,5	-1,3
Comercio	104,0	-2,0	-0,1
Venta e reparación de vehículos de motor	103,0	-3,8	-1,0
Comercio por xunto	108,2	-1,5	0,4
Comercio ao retalho	101,5	-2,0	-0,2
Outros servizos	101,3	-7,6	-2,1
Transporte	105,0	-4,1	-1,0
Hostalería	92,5	-14,9	-5,5
Información e comunicacións	108,6	-1,2	1,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	105,1	-2,6	-0,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	102,6	-8,3	-2,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Abril 2020**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	102,4	-5,5	-1,3
Andalucía	99,8	-6,6	-1,6
Aragón	103,4	-5,5	-1,3
Asturias	99,7	-4,9	-1,5
Baleares, Illes	97,7	-16,1	-5,1
Canarias	101,3	-7,4	-2,6
Cantabria	100,6	-7,3	-2,2
Castilla y León	99,0	-5,4	-1,7
Castilla-La Mancha	101,1	-5,2	-0,4
Cataluña	104,0	-4,9	-1,3
Comunitat Valenciana	103,6	-4,2	-0,3
Extremadura	99,2	-7,0	-1,9
GALICIA	101,9	-5,2	-1,6
Madrid	103,6	-4,2	-0,9
Murcia	109,8	-3,0	0,1
Navarra	101,1	-7,2	-1,7
País Vasco	101,0	-4,3	-1,4
Rioja, La	103,4	-4,3	-1,0

Fonte: INE